



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: II Curso de rehabilitación e revitalización urbana en Galicia: da conservación dos núcleos históricos as áreas de reh. integ.nos barrios populares

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Coñecementos transversais

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	50
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2012
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

- Transmitir a necesidade da renovación e rehabilitación urbana como unha alternativa ao modelo de crecemento urbano sen límites.
- Dar a coñecer unha metodoloxía exitosa para a realización das Memorias-programa para a petición de ARI'S.
- Mostrar como conseguir unha xestión eficiente dos programas de rehabilitación para lograr que poidan levar a cabo con éxito, tanto desde unha perspectiva de protección patrimonial como das solucións ás problemáticas nas vivendas que necesitan rehabilitación.
- Coñecer principios básicos dos Sistemas de Información Xeográfica para o seu emprego como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa e na xestión da rehabilitación.
- Transmitir criterios baseados na experiencia para a elaboración de ordenanzas e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas.
- Coñecer exemplos exitosos de intervención e de organismos que xestionan esas intervencións: Consorcio de Santiago de Compostela, Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela (OCHIR), Oficina de Rehabilitación do Concello de Ourense.

DESTINATARIOS

1. O 75% das prazas (30) teñen como destinatarios aos empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- 1.1. Posto de traballo actual
- 1.2. Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario
- 1.3. Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral
- 1.4. Persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico

Este curso valorarase con 0,40 puntos a aqueles alumnos que fosen considerados aptos á finalización do mesmo e por tanto, teñan dereito a certificado de aproveitamento, sempre que cumpran os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas Comunidades Autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de Formación e Perfeccionamento de Administración Local, en cumprimento do previsto na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corríxen erros da Resolución do 26 de outubro de 1994, e conforme co establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52 do 16 de marzo de 2009).

2. Poderán optar ao 25% restante das prazas (10) o persoal contratado polas Administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

As prazas de calquera dos grupos que non se cubran na súa totalidade acumularanse ás do outro.

PROGRAMA

No curso trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- A necesidade de recuperación do espazo construído.
 - Medidas para lograr a recuperación demográfica dos cascos históricos e dos sectores urbanos en proceso de degradación social e ambiental.
 - As áreas de rehabilitación integral como instrumento para a recuperación social, funcional e física dos espazos construídos.
 - A cidade dos barrios. Repensando a cidade desde A Coruña.
 - Os Sistemas de Información Xeográfica e as Novas Tecnoloxías para o tratamento da información do territorio.
 - Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI e a xestión da rehabilitación (I).
 - Tramitación xurídico-administrativa das ARI.
 - Criterios de intervención desde o punto de vista da protección patrimonial nos cascos históricos e no resto do espazo urbano.
 - Que é e qué significa falar de revitalización e rehabilitación nos albores do século XXI?
- A rehabilitación en España. Novas tendencias na intervención en barrios degradados.
- A xestión da ARI da cidade de Santiago de Compostela (I). Criterios para o acceso ás axudas. Ordenanzas que as regulan.
 - Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa das ARI e a xestión da rehabilitación (II).
 - Pensar a cidade, desde a creatividade á innovación urbana
 - Criterios de análise para a realización dunha ordenanza e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas.
 - A xestión das ARI da cidade de Santiago de Compostela (II): o ARI de Vista Alegre. Análise do proceso de implantación do programa.
 - As intervencións de renovación e rehabilitación no espazo público en Santiago de Compostela: un exemplo a seguir.
 - Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (I): o ARI dos Camiños de Santiago de Compostela.
 - Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa das ARI e a xestión da rehabilitación (e III).
 - Presentación das iniciativas e programas do Consorcio de Santiago de Compostela. A Oficina Técnica Taller de Proxectos do Consorcio. Exemplos e casos prácticos.
 - Os programas de rehabilitación de vivendas. Mantemento (Ter é Manter), intervención en elementos catalogados e edificios tutelados.
 - "A Pedra que pisas", iniciativas do Consorcio de Santiago de Compostela e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para a formación de traballadores, empresas e técnicos na conservación e mantemento dos pavimentos lousados de Santiago de Compostela.
 - A rehabilitación do Barrio da Tinería en Lugo.
 - O Sistema de Información Patrimonial promovido polo Consorcio de Santiago de Compostela, ferramenta para a xestión dunha cidade Patrimonio da Humanidade. Presentación práctica do S.I.P. (en aula de informática e con conexión wi-fi).
 - Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (e II). Os casos de Sabarís en Baiona e Moimenta en Boiro.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados por unha comisión técnica independente designada para este efecto cuxa composición será publicada no portal web da EGAP. A comisión seleccionará os candidatos con discrecionalidade técnica e independencia con respecto aos órganos directivos da EGAP.

Os criterios selectivos para a admisión neste curso serán os seguintes:

9.1. Para os solicitantes incluídos no punto 4.1, valoraranse:

9.1.1. Posto de traballo actual

9.1.2. Experiencia profesional independente e distinta da correspondente ao actual posto de traballo, o que se acreditará exclusivamente nos termos sinalados na base 8.1.

9.1.3. Formación:

9.1.3.1. Formación recibida:

a) Títulos oficiais universitarios distintos aos esixidos ou acreditados como requisito para acceder a este curso.

b) Cursos ou seminarios recibidos de máis de 200 horas que teñan relación coa materia do curso.

c) Cursos, seminarios ou xornadas recibidos entre 40 e 200 horas relacionados coa materia do curso.

9.1.3.2. Formación impartida:

- a) Ensinos oficiais universitarias
- b) Cursos, xornadas e seminarios impartidos que estean relacionados coa materia desta convocatoria.
- 9.1.4. Outros méritos:
- 9.1.4.1. Publicacións: libros, revistas técnicas e relatorios ou comunicacións de congresos relacionadas coa materia do curso.
- 9.1.4.2. Premios e bolsas relacionadas coa materia do curso
- Todos os méritos alegados deberán acreditarse nos termos consignados e serán achegados seguindo a orde establecida nesta convocatoria, presentándose a documentación esixida numerada nos termos da mesma. A non cumprimentación nos referidos termos suporá a non valoración dos mesmos.
- En todo caso, esta convocatoria rexerese subsidiariamente polos criterios de participación nas actividades docentes da EGAP (DOG núm. 7, de 10 de xaneiro de 2008).
- 9.2. Para os solicitantes incluídos no punto 4.2, valoraranse:
- 9.2.1. Experiencia profesional. Terán prioridade aqueles solicitantes que acrediten mediante certificación emitida polo organismo ou entidade contratante e/ou, no seu caso, mediante copia do contrato, que a súa actividade profesional actual ten relación directa coa materia do curso.
- 9.2.2. Experiencia profesional independente e distinta da correspondente ao actual posto de traballo, o que se acreditará exclusivamente nos termos sinalados na base 8.1.
- 9.2.3. Formación:
- 9.2.3.1. Formación recibida:
- a) Títulos oficiais universitarios distintos aos esixidos ou acreditados como requisito para acceder a este curso.
- b) Cursos ou seminarios recibidos de máis de 200 horas que teñan relación coa materia do curso.
- c) Cursos, seminarios ou xornadas recibidos entre 40 e 200 horas relacionados coa materia do curso.
- 9.2.3.2. Formación impartida:
- a) Ensinos oficiais universitarias
- b) Cursos, xornadas e seminarios impartidos que estean relacionados coa materia desta convocatoria.
- 9.2.4. Outros méritos
- 9.2.4.1. Publicacións: libros, revistas técnicas e relatorios ou comunicacións de congresos relacionados coa materia do curso.
- 9.2.4.2. Premios e bolsas relacionadas coa materia do curso
- A comisión poderá establecer cotas para garantir o carácter interdisciplinario e interadministrativo nos grupos de traballo que se establezan, de acordo coas solicitudes recibidas. Así mesmo, resolverá as alegacións e reclamacións que se puidesen suscitar.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO

INICIO / FIN: 05/11/2012 a 03/12/2012

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

José Antonio Aldrey Vázquez

Manuel Gallego Priego

XOSE CONSTENLA VEGA

LUCIANO GONZALEZ ALFAYA

PATRICIA MUÑOZ NÚÑEZ

CAMILO MANUEL FERNANDEZ GONZALEZ

GAEL SÁNCHEZ RIVAS

José Antonio Redondo López

María Teresa Morán Calero

MANUEL M^a CHAIN PÉREZ

JAVIER GARCIA CASTELO

FERNANDO GARCÍA TOBÍO

JUAN ANTONIO MORALES HERREROS

cesar pichel rodriguez

ÓSCAR ANDRÉS QUINTELA

JAVIER FERNANDEZ MUÑOZ

ANGEL PANERO PARDO

Juan Manuel Coira López

FRANCISCO JOSE BASANTA PARDO

RAFAEL JUAN GONZALEZ-CEBRIAN TELLO

RAMON FERNÁNDEZ HERMIDA

Adrián Martín Prieto

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 4 (Informática): O día 06 de novembro de 18:00 a 20:00. O día 14 de novembro de 16:00 a 20:00. O día 03 de decembro de 18:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 14 (antiga): Os días 05, 06, 07, 12, 13, 14, 19, 20, 21, 26, 27 e 28 de novembro de 16:00 a 20:00. O día 03 de decembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO A: O día 28 de novembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA